

Ao abeiro das mencionadas previsións legais, o Concello de Dozón solicitou no seu día á Deputación Provincial de Pontevedra a transferencia de titularidade dun treito sobrante da estrada provincial 6101 Bidueiro-Amedo, comprendido entre os p.k. 5+000 e 5+050.

O Pleno da Corporación Provincial acordou con data 12 de setembro de 2008 o cambio de titularidade do treito solicitado polo Concello de Dozón.

Con data do 22 de outubro de 2008 o Concello de Dozón aceptou recibir a favor dese concello o dito treito de estrada provincial.

A Dirección Xeral de Obras Públicas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes estima axeitado o cambio de titularidade tendo en conta que o devandito tramo adquiriu características netamente urbanas.

Polo exposto, consonte o previsto na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Apróbase o cambio de titularidade a favor do Concello de Dozón do treito comprendido entre os p.k. 5+000 e 5+050 da estrada 6101 (Bidueiro-Amedo), pertencente á Deputación Provincial de Pontevedra.

Artigo 2º

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais no marco das súas competencias, e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade. De acordo co exposto, o Concello de Dozón deberá incorporar ao seu Plan de Estradas o treito a que se refire este decreto.

Artigo 3º

A entrega da vía formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Artigo 4º

Correspóndenlle ao Concello de Dozón, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Disposición derradeira

Este decreto terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Decreto 41/2009, do 12 de febreiro, polo que se aproba o cambio de titularidade dos seguintes treitos: treito da estrada provincial que ten o seu inicio no cruzamento sito no p.k. 12+310 da estrada de titularidade autonómica PO-226 (Cuntis-Porrás) e o seu final no cruzamento coa N-550, treito da estrada provincial EP 9407, preto do enlace coa N-550, no Carballal e treito da estrada provincial EP 0506, preto do enlace coa N-550 (Casa Florita), da Deputación Provincial de Pontevedra, a prol do Concello de Barro.

A teor do previsto no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outra parte, a citada lei de estradas dispón no artigo 54, que as estradas provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas, entregaránselles aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da administración titular e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos os organismos.

Ao abeiro das mencionadas previsións legais, o Concello de Barro solicitou no seu día á Deputación Provincial de Pontevedra a transferencia de titularidade dos seguintes tres treitos:

1. Treito da estrada provincial que ten o seu inicio no cruzamento sito no p.k. 12+310 da estrada de titularidade autonómica PO-226 (Cuntis-Porrás) e o seu final no cruzamento coa N-550.
2. Treito da estrada provincial EP 9407, preto do enlace coa N-550, no Carballal.
3. Treito da estrada provincial EP 0506, preto do enlace coa N-550 (Casa Florita).

O Pleno da Corporación Provincial acordou, con data 12 de setembro de 2008, o cambio de titulari-

dade dos tres treitos solicitados polo Concello de Barro.

A Dirección Xeral de Obras Públicas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes estima axeitado o cambio de titularidade tendo en conta que os devanditos tramos adquiriron características netamente urbanas.

Polo exposto, consonte o previsto na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Apróbase o cambio de titularidade a favor do Concello de Barro dos seguintes tres treitos pertencentes á Deputación Provincial de Pontevedra:

1. Treito da estrada provincial que ten o seu inicio no cruzamento sito no p.k. 12+310 da estrada de titularidade autonómica PO-226 (Cuntis-Porrás) e o seu final no cruzamento coa N-550.



2. Treito da estrada provincial EP 9407, preto do enlace coa N-550, no Carballal.

3. Treito da estrada provincial EP 0506, preto do enlace coa N-550 (Casa Florita).

Artigo 2º

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais no marco das súas competencias, e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade. De acordo co exposto, o Concello de Barro deberá incorporar ao seu Plan de Estradas os treitos a que se refire este decreto.

Artigo 3º

A entrega das vías formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Artigo 4º

Correspóndelle ao Concello de Barro, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.

Disposición derradeira

Este decreto terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se autoriza o cambio de denominación do Centro de Educación Especial de Xordos de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña.

Tendo en conta o disposto no artigo 8 punto 1º do anexo do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do centro que se relaciona no anexo a esta orde.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria